

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO NEBOADA
Promotor	MAIA DIRECTORSHIP, S.L.
Localización	CONCELLOS DE A RÚA, VILAMARTÍN DE VALDEORRAS, A POBRA DE TRIVES, SAN XOÁN DE RÍO (OURENSE), RIBAS DE SIL E QUIROGA (LUGO)
Expediente	IN408A/2020/004
Informe	EOL_IN408A 2020_004_1

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

O Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 25/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/655973, presenta unha solicitude de informe en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

Con data 11/10/2022 e número de rexistro 2022/2011465, o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética presenta unha reiteración de solicitude de informe.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.



- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Guía técnica de Alemaña "Hinweise zur Ermittlung und Beurteilung der optischen Immissionen von Windenergieanlagen (WEA-Schattenwurf-Hinweise. Federal/State Working Group for Immission Control (LAI), Notes on the determination and evaluation of optical immissions from wind turbines – (January 23, 2020).
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.



ANTECEDENTES

O presente informe realízase co obxectivo de identificar e valorar os posibles impactos no medio ambiente do proxecto obxecto de estudo que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde pública. Para iso avalíase a documentación recibida con relación a dito proxecto.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.



AVALIACIÓN

1.- Poboación en situación de risco

1.1. Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que as instalacións do Parque eólico Neboada localízase nos termos municipais de A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, A Pobra de Trives, San Xoán de Río (Ourense), Ribas de Sil e Quiroga (Lugo). Indican que a zona de implantación do parque eólico presenta como uso principal de tipo agroforestal con predominio de la gandería extensiva.

Presentase ademais, unha caracterización da poboación do entorno (evolución e estrutura poboacional), así como unha análise socioeconómica dos concellos nos que se asenta o parque eólico.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, no que se empregan os mapas do Plan Nacional de Ortografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase que na contorna do proxecto e a menos de 1.700 mts. dos aeroxeradores, identifícanse a poboación de San Xulián. Ademais comprobase que co trazado la liña de alta tensión, non existen vivendas a unha distancia inferior de 95 mts.

1.2. Acceso as instalacións

Non se indica no estudo de impacto ambiental as medidas de seguridade e control de acceso á subestación e o cumprimento do Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condiciones técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

Menciona que as características técnicas da construción do edificio control, así coma o seu peche perimetral e as instalacións das que estará dotado desenvolveranse na memoria técnica do proxecto.





2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes atmosféricos

- Emisión de po e partículas.
- Emisión de gases: gases dos motores dos vehículos e da maquinaria e hexafluoruro de xofre (SF₆), ozono, óxidos de nitróxeno e ácido nítrico en presenza de humidade (efecto coroa) xerado polas liñas de alta tensión.
- Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas e o xerado polos transformadores e as liñas (efecto coroa).
- Campos electromagnéticos.
- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).

b) Augas

c) Contaminantes do chan

- Residuos perigosos e non perigosos
- Uso de produtos perigosos nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, fitosanitarios (herbicidas), biocidas (protectores da madeira), etc.

d) Axentes biolóxicos

- *Legionella*
- Pragas e vectores

3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.



3.1 Aire

3.1.1 Emisións de po e partículas

Faise referencia as emisións de po e partículas a consecuencia da execución das obras de creación de pistas, movementos de terras, escavacións para cimentacións, gabias, etc., así como do tráfico de maquinaria, o cal implica un aumento das partículas sólidas en suspensión.

Definen medidas correctivas, protectoras e de seguimento e vixilancia ambiental ao respecto, como por exemplo a humectación de viais ou a cuberta con toldos ou lonas nos camións que deban transportar materiais que xeren po. No apartado nº13 do Programa de vixilancia ambiental do EIA recollense medidas de seguimento ao respecto.

Indícase no proxecto a posibilidade de realización de voaduras das mesmas, así como a solicitude de permisos, informes previos e aprobación pola Dirección de Obra.

3.1.2 Emisións de gases

Identifícanse emisións debido a combustión de combustibles da maquinaria existente nas obras, indicando o seu control a través das correspondentes inspeccións regulamentarias.

Referise ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF₆), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque, non obstante non se recollen recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, de ser o caso na carga e descarga dos equipos que o empregan.

Non se estima a posibilidade de xeración de outros gases (efecto coroa – óxidos de nitróxeno) e ácido nítrico en presenza de humidade, nin se valoran os niveis dos mesmos en relación á normativa sobre avaliación e xestión da calidade do aire, e a súa posible incidencia no caso de puntos próximos a zonas poboadas. Non obstante, e sen prexuízo dos criterios técnicos empregados polos organismos competentes na materia, dada a distancia da liña de alta tensión de 220 kV as vivendas mais próximas



que se atopan no núcleo de Bexe (San Xoán de Río), a unha distancia entono aos 100 mts da traza da liña, non é previsible afección por dito fenómeno.

3.1.3 Ruído e vibración

Indican a realización dun estudo acústico preoperacional antes do inicio das obras para determinar o nivel de ruído real existente na actualidade nos núcleos habitados e puntos de interese máis próximos previa implantación do parque eólico. En concreto refiren o estudo preoperacional en puntos de control en San Xulián, Cereixido e O Robledo. Os valores máximos acadados non superan en ningún caso os valores límite de inmisión de ruído aplicables a actividades especificados no RD 1367/2007, de 19 de outubro.

Non se dispón dunha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación.

Presentase un estudo de modelización dos niveis acústicos operacionais durante a fase de funcionamento, para o que se emprega o software de emisión acústica Cadna-A.

Coa modelización presentada, non se prevé afección acústica aos núcleos de poboación existentes ao atoparse fora das bandas acústicas superiores aos $L_n > 45$ dB, polo que conclúese que cos datos obtidos deste estudo non se vai a ver afectada ningunha poboación próxima aos aerogeneradores.

Refiren a realización dun seguimento en operación de ruídos, prestando especial atención a realizar as medicións das campañas de ruídos nos mesmos puntos nos que se realizou o estudo preoperacional, co obxecto de poder avaliar o incremento da presión sonora na zona pola presenza da propia infraestrutura.

Analízanse mediante unha modelización os efectos ocasionados de maneira sinérxica coas instalacións en tramitación pola presenza de parques eólicos próximos (parques de Orballeira e Xeada).

No estudo de modelización xustifícase que nas zonas de coincidencia superficial ou zonas de solapamento non se localiza ningún núcleo poboacional nin edificación susceptible de ser afectado. Dos cálculos da suma conxunta de niveis de presión



sonora dedúcese que os niveis de ruídos previsto non se incrementará sinérxicamente para ningunha das edificacións localizadas na zona, dado que se atopan fora da zona de afección conxunta.

Non efectúa a comprobación do comportamento dos condutores ao respecto do efecto coroa na liña de alta tensión de 220 kV, e si se producirá efecto sonoro. Non obstante, e sen prexuízo dos criterios técnicos empregados polos organismos competentes na materia, dada a distancia da liña as vivendas mais próximas que se atopan no núcleo de Bexe (San Xoán de Río), a unha distancia entorno aos 100 mts da traza da liña, non é previsible afección por dito fenómeno.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

3.1.4 Campos electromagnéticos

O Parque eólico Neboada atópase composto principalmente de:

- 1 aeroxerador modelo Siemens Gamesa SG 6.6-170 de 6,6 MW de potencia unitaria (aeroxerador N-1) e 7 aeroxeradores modelo Siemens Gamesa SG 6.0-170 de 6,2 MW de potencia unitaria (aeroxeradores N-2 a N-8), altura de buxe 135 m e 170 m de diámetro de rotor.
- 1 centro de transformación, no interior da góndola do aeroxerador N-1, de 7.000 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, celas de 30 kV e equipos de protección, telemando e elementos auxiliares.
- 7 centros de transformación, no interior da góndola dos aeroxeradores N-2 a N-8, de 6.500 kVA e relación de transformación 0,69/30 kV, celas de 30 kV e equipos de protección, telemando e elementos auxiliares.
- Rede eléctrica soterrada a 30 kV para a evacuación da enerxía xerada e interconexión entre os centros de transformación 0,69/30 kV.



- Subestación Neboada 30/220 kV con parque a nivel de 220 kV de intemperie, cos seguintes elementos: 1 posición de liña 220 kV saída a subestación Treboada; 3 posicións de transformación 30/220 kV, 1 posición de barras 220 kV equipada con medida de tensión. Parque a nivel de 30 kV con reactancia de posta a terra, seccionador e autoválvulas. Parque a nivel de 30 KV simple barra, de interior con celas en SF6. Equipamento con funcións de control, mando e protección da subestación.
- Líña aérea de evacuación de 220 kV de tensión nominal e 15,2 km de lonxitude dende a subestación de Neboada ata a posición de entrada na subestación Treboada.

No referente aos campos electromagnéticos, tomase como referencia os limiares indicados no R.D. 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas o límite establécese en 5 kV/m e 100 μ T respectivamente ao respecto dos campos eléctrico e magnético, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Presentase un estudo (Apartado 6.8 do EIA), empregando para a estimación dos campos eléctricos técnicas de análise por elementos finitos e para a estimación dos campos magnéticos o emprego dun software de simulación.

- *Subestación eléctrica*: de todos os elementos analizados sería o seccionador o que presenta unha maior capacidade para producir campo eléctrico. En todos os casos de estudo analizado na subestación os valores de campo eléctrico E nas zonas de acceso público resultan inferiores a 5 kV/m. Ao respecto dos campos magnéticos o valor máximo acadado no peche perimetral (zona accesible ao público) o valor é de 2,091 μ T.
- *Edificio de control*: a aparelamenta do edificio de control atópase no interior de celas metálicas conectadas rixidamente a rede de terra de la instalación polo que no aparecerán campos eléctricos relevantes.
- *Aeroxeradores*: no exterior dos mesmos os campos eléctricos non son relevantes e respecto aos campos magnéticos os valores mais altos acadados na simulación son de 44,58 μ T na zona dos mesmos accesible ao público.



- *Liñas de media tensión*: a enerxía eléctrica xerada polos aeroxeneradores é evacuada a 30 kV en cables soterrados en gabias en media tensión dotados dunha pantalla metálica conectada a terra, polo que non se xerarán campos eléctricos.

- *Liñas de interconexión de 220 kV*: efectúase o estudo de campos eléctricos no vano mais desfavorable da liña (vano 35-36), xa que é a zona máis próxima ao terreo, estando os cables a 8,5 m de altura sobre el chan. Neste tramo os valores acadados de campo eléctrico alcanzan os 5 kV/m nunha zona inaccesible a mais de 3,00 m do chan. En canto aos campos magnéticos efectúase tamén un estudo no vano mais desfavorable, acadando os 12,66 μ T na zona accesible ao público.

Segundo o estudo presentado os niveis acadados de campos electromagnéticos son inferiores aos máximos establecidos regulamentariamente.

En canto aos aeroxeneradores, no estudo presentado non menciona ou xustifica o cumprimento da directiva 2014/30/EU de compatibilidade electromagnética.

3.1.5 Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras efectúase un estudo (Anexo J) no que se ten en conta un área de estudio arredor das turbinas eólicas, correspondente a aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1.700 mts.. Indicase que se realiza un estudo do potencial de impacto mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO 3.4, situando 27 receptores nas vivendas ou edificacións análogas máis próximas aos aeroxeradores, empregando información proporcionada polo Servizo de Catastro (receptores: A, B, C, D, E, F, G, H, I, J, K, L, M, N, O, P, Q, R, S, T, U, V, W, X, Y, Z e AA).

- No "*caso peor*": efectúase a modelización coa hipótese mais desfavorable (onde o sol sempre brilla, as palas dos aeroxeneradores atópanse rotando constantemente e o plano do rotor sempre perpendicular a liña entre o aeroxerador e o sol como condicións principais). Neste escenario do "*caso peor*" ningún receptor supera o máximo teórico de 30 horas/ano.



- No "*caso real*": non presentan resultados no estudo realizado (Anexo J).

Neste escenario do "*caso real*" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos":

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

Respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos de parpadeo de sombras, toma en consideración os parques eólicos no ámbito da área de estudo (en tramitación). Dentro da zona de estudo, atópanse na proximidade os parques de Orballeira e Xeada. No estudo xustifícase que nas zonas de coincidencia superficial ou zonas de solapamento non se localiza ningún núcleo poboacional nin edificación susceptible de ser afectada polo efecto de parpadeo, non existindo polo tanto posibles efectos sinérxicos ao respecto.

Refírense un seguimento anual durante a fase de explotación.

Faise constar que para a implantación de medidas o limiar a considerar ao respecto do parpadeo de sombras é de 8 h/ano.

3.2 Augas

3.2.1 Augas de consumo

Non se especifica a forma de abastecemento de auga de consumo nas fases do proxecto, así como si se disporá de auga de consumo dende o comezo da obra, xa sexa conectando redes existentes ou empregando depósitos de auga.

No caso de dispor de auga de consumo, esta deberá cumprir os criterios establecidos no RD 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de auga de consumo humano.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC):



- Código SINAC da captación 17089: UTM (655788; 4697903). Río Rúa Vella – Za San Estevo – A Rúa.
- Código SINAC da captación 7579: UTM (648278; 4696073). Manancial A Caborca - Za – Montefurado - Quiroga.
- Código SINAC da captación 16934: UTM (639885; 4693389). Captación 4 O Cerrado – Za San Xoan de Río.

3.2.2 Augas superficiais e subterráneas

Indicase que na fase de construción ningún curso fluvial cruzarase por ningunha das instalacións propostas segundo o proxecto construtivo. A LAT sobrevoará o Río Sil sobre o Encoro de Sequeiros, ao norte do Encoro de Montefurado.

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

3.2.3 Augas residuais/vertidos

a) Augas residuais sanitarias: Na fase de obras, indican que a xestión de augas residuais fecais efectuarase mediante sanitarios químicos polo que non contemplan a realización de ningún vertido ao dominio público hidráulico. En fase de explotación, o edificio de control conta con aseos e dirixirá as augas a un depósito estanco, cuxo contido retirase periodicamente por un xestor autorizado.

b) Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra: Indican que as operacións de limpeza, mantemento e reparación de maquinaria realizaranse en talleres autorizados, e cando non sexa posible, en espazos habilitados ao efecto. Refiren que no caso de ocorrencia dun vertido accidental, utilizaranse sistemas antiderrames.

c) Vertidos procedentes de transformadores: Non se fai referencia a que se disporá dun sistema de recollida de posibles fugas de aceites e outras sustancias contaminantes baixo os transformadores da subestación eléctrica. Non se inclúen medidas de seguimento e control ao respecto.



3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante nas distintas fases do proxecto, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo un seguimento de vixilancia ambiental.

3.3.1 Residuos perigosos e non perigosos

Respecto aos residuos perigosos, indican que comprobarase que a totalidade das empresas participantes na obra que os xeren, atoparanse inscritas no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos.

Os residuos perigosos e non perigosos almacenaranse en espazos específicos en contedores, identificados conforme ao establecido na lexislación vixente e recolleranse por xestor autorizado.

Identifícase ademais a xeración de residuos durante as diferentes fases de proxecto realizando unha estimación da magnitude de cada un de eles segundo o tipo de residuo, codificación (a través de código L.E.R.), cantidade xerada e tipo de xestión. Todos os residuos producidos serán entregados a xestores autorizados os cales encargaranse da súa xestión.

- *Fase de obras*: nesta fase de obras a maior parte dos residuos xerados serán Residuos de Construcción e Demolición (RCD's) procedentes da obra civil executada. En canto ao mantemento da maquinaria de obra, esta efectuarase fora da zona de proxecto (cambios de aceite, lavados de maquinaria, etc), en lugares especializados (talleres), non producíndose residuos por este aspecto en obra.

- *Fase de explotación*: a xeración de residuos procederá principalmente das operacións de mantemento e reparación dos equipos, sendo xestionados mediante entrega a xestor autorizado. Os residuos xerados nesta fase serán aceites hidráulicos, filtros de aceite, baterías, pilas, equipos eléctricos, etc.

- *Fase de desmantelamento*: nesta fase o tipo de residuos xerados será, en xeral, similar a o da fase de construción.



3.3.2 Uso de produtos perigosos

Indican que o almacenamento de sustancias perigosas efectuarase de forma que sexan correctamente segregados e etiquetados, segundo tipo e perigosidade e que xestionaranse mediante xestores autorizados xunto coa documentación legal necesaria e rexistrada.

Non se recolle o emprego de fitosanitarios, nin biocidas e que de empregalos, seguirán a normativa vixente ao respecto.

No caso de empregar produtos perigosos disporán das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificación establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Cumpriran as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

3.4 Axentes biolóxicos

3.4.1 *Legionella*.

No caso de instalar vestiarios e estes dispoñan de duchas, instalárase un sistema de auga quente sanitaria que cumprirá cos requisitos establecidos no Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da legionelose.

3.4.2 Pragas e vectores

Non se indica se dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.



CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación de este informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental do parque eólico Neboada, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, infórmase como **favorable condicionado** á presentación, con carácter previo ao inicio das obras da documentación e información dos aspectos que se relacionan a continuación:

- O emprego de gases illantes como o SF6 deberá contemplar as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, de ser o caso na carga e descarga dos equipos que o empregan.
- Con respecto ao efecto parpadeo (para máis información ver apartado 3.1.5), deberá presentar os resultados para o escenario "caso real ou estadístico". O proxecto non recolle as medidas a aplicar no caso de superar o limiar establecido, así como de ser o caso o correspondente seguimento específico do parpadeo de sombras durante o primeiro ano de explotación.
- Deberá dispor dun sistema de recollida de posibles fugas de aceites e outras sustancias contaminantes baixo os transformadores da subestación eléctrica e incluíranse as medidas de seguimento e control ao respecto.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

A subdirectora xeral de Programas de
Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Manuel Álvarez Cortiñas

Ines Mato Naveira

